

Quem namalicia a albu pola tarde,
quem afia nas rocas a calveio,
quem vai trocando a paz por prosadica,
quem guarda corpos no peito máis coxardo.

**DIANTE DUNHA FOTO NA PRENSA
DUN MOZO ASASINADO**

Quem am...
para decarrega na vida o seu martirio,
quem fabrica cadáveres día a día,
quem de sangue nos dedos fai clardo

**" Eses golpes sangrientos son las crepitaciones
de algún pan que en la puerta del horno se nos quema"**

César Vallejo. "Los heraldos negros"

as compaña do odio e a leucura
para atopar queimando, que non marxo
o herido que saíu de desventura,
o carbón que foi paz, dentro do forno.

Lema: Heraldo

I

*Quen axusticia a alba pola tarde,
quen afía nas rosas o coitelo,
quen vai trocando a paz por pesadelo,
quen garda serpes no peito máis covarde.*

*Quen apaga a candeia que aínda arde,
quen descarga na vida o seu martelo,
quen fabrica cadeas elo a elo,
quen do sangue nos dedos fai alarde*

*camiña cara ao abismo e a parura
por escuros vieiros sen retorno
na compañía do odio e a loucura*

*para atopar queimando, que non morno,
o herdo que amasou de desventura,
o carbón que foi pan, dentro do forno.*

*Porque a paz é un pan grande e redondo
que se amasa e leveda hora a hora
na concordia e na luz, no amor que mora
da esperanza do pobo no máis fondo.*

*Non coñece as bombas, si o estrondo
da fervenza da vida que namora
e que devala -é lei- sempre a cadora
cara ao mar onde o tempo nos vai pondo.*

*Porque a paz é a mesa fornecida
polos froitos de quen se senta a ela
e que planta e recolle na sostida*

loita dun tilán para mantela.

*Porque a paz é a cousa máis belida,
a nai, o bico, o ceo e mais a estrela.*

*Non nos han de queimar o pan e a casa,
non daremos os eidos ás ortigas,
cortaremos os acios e as espigas
nos mesmos campos que a barbarie arrasa.*

*Fiaremos, de luz, moitas estrigas
e faremos con elas sutil gasa
para encender as lebras se é que pasa
o cabalo da morte cos aurigas.*

*Iremos polo túnel da memoria
a rescatar os soños derrolados
todo ao longo e ao ancho da historia.*

*Cantaremos a paz polos tellados
na voz da chuvia, no lanxer a gloria,
nos corpos para o trigo sementados.*